



DOCUMENTACIÓN DE MATRÍCULA A PRESENTAR

Para formalizar a matrícula do seu fillo/a, debe presentar na Secretaría deste centro a seguinte documentación e cubrir correctamente todos os datos solicitados nos impresos.

- ✓ Fotocopia do libro de familia.
- ✓ Fotocopia do D.N.I do pai, da nai e do neno/a no caso de que este o teña.
- ✓ Certificado de empadramento.
- ✓ Fotocopia da cartilla ou da tarxeta da SEGURIDADE SOCIAL.
- ✓ Fotocopia da tarxeta de vacinas.
- ✓ 2 fotos recentes tamaño carnet do neno/a co nome escrito por detrás.
- ✓ Autorizacións do centro.
- ✓ Declaración xurada de distancia ao centro.
- ✓ Autorización para o uso de imaxes polo centro educativo.
- ✓ Anexo II debidamente cuberto.

Si se dera o caso.

- ✓ Documento de custodia legal.
- ✓ Informe médico en caso de que o alumno/a presente necesidades educativas de apoio educativo ou que exista algún dato salientable, como pode ser: enfermidade crónica, alerxia a algún alimento...

NOTA INFORMATIVA.

Segundo está establecido na orde do 25 de xaneiro de 2017 que regula a admisión de alumnos en centros docentes sostidos con fondos públicos, infórmase que:

1º- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. No caso contrario, perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle. Tamén perderá dita prioridade se a documentación aportada non se axusta a realidade.

2º- Todo aquel alumno/a que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo ao mesmo tempo ao centro de orixe.

3º- O alumno/a que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio de prazo de presentación de solicitudes de admisión.